

A illa de Benidorm.

Benidorm é un monocultivo de rañaceos. Cemento ancorado na area e oreado pola brisa. Xigantes de formigón con pés que lamen as ondas do Mediterráneo.

Non foi casualidade que Benidorm se convertera no que é; pola contra había unha razón incontestable: era un dos lugares máis fermosos e apracibles da costa do levante peninsular.

En contraste coas caixas, a unhas dúas millas náuticas do porto, áchase unha illa que dá testemuño dun pasado diferente.

Os habitantes da illa de Benidorm son, sobre todo, as gaviotas e as figueiras chumbas. Unha paisaxe inequivocamente mediterránea no que o lagarto ibérica paséa polas rochas calcinadas.

En 1834, a illa foi o refuxio para varias familias de Benidorm e da vila Joiosa, que fuxían dunha epidemia de cólera. Esas familias e algúns piratas pasaxeiros foron os únicos habitantes da illa. Agora, vense turistas transeúntes, que acoden co barco coma se buscarán un horizonte que na cidade xa é esquivo.

Esa cidade, Benidorm, exercía o dereito de explotación das augas ata 1506, cando Fernando o Católico estendeu o dereito á Vila.

Que fosen cobizadas as riquezas mariñas da illa de Benidorm tampouco era unha casualidade, xa que a abundancia de peixes era ben coñecida de vello.

Ata a máis fugaz mirada ao fondo mariño deixa patente esa cobizada riqueza.

A cantidade e a variedade de peixes parece non ter fin: moreas, sargos, cabras, escarapotes, ademais de polbos, alfonsiños, decenas de especies de esponxas, crustáceos variados, vermes e moluscos... toda unha enciclopedia de zooloxía mariña concentrada nas prolongacións submarinas da illa de Benidorm e nos fondos que a rodean.

Da popularidade do peixe limón dá conta a gran cantidade de nomes que recibe: lecha, serviola, verderón ou alballada. En bancos compactos, percorren a pradaría de Posidonia, un lugar que alberga alimento, e ata certa protección.

Nas pradarias de fanerógamas mariñas desenvólvese toda a pirámide trófica, de maneira que constitúen un ecosistema no que as súas pezas, perfectamente axustadas unhas a outras, necesítanse mutuamente. Por iso, si se destrúen as pradarias, reséntese a pesca.

Pola súa banda, os fondos arenosos son territorio do salmonete de lama. E das estrelas de mar, que ás veces parecen unha noite escura volta do revés. Pero o auga confire movemento ata aos seres ancorados ao fondo.

Os que poden deambular, dispoñen doutros mecanismos para atopar alimento e refuxio. O polbo e a morea comparten o seu gusto polos ocos. E os que nadan entre as follas protéxense en grupo. Porque os depredadores axexan.

Nas augas que rodean a illa de Benidorm, as paredes, os fondos e as praderías albergan a vida propia do Mediterráneo, rodeada de lendas que narran unha orixe mítica chea de heroes e princesas, para esta illa, continuación dos acantilados da serra Gelada.